



CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a selección de persoal funcionario interino por programa.

ANTECEDENTES:

A Deputación Provincial da Coruña aprobou a concesión definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 1/2024 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios, dentro deste plan estaba contemplado a selección dun/dunha traballador/a social.

Por todo o exposto **DECRETO:**

Primeiro.- Efectuar a convocatoria para nomear como funcionario interino por programa a un/unha traballador/a social segundo as bases que se acompañan a esta resolución.

SEGUNDO.- Aprobar as bases da convocatoria.

Rois, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

Ramón Tojo Lens

O secretario.

Diego Losada Romero